



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 11 DE MAIO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:10 horas do día 11 de maio de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 09-05-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

Dña. Susana García Alvarez
D. Alberto Escariz Couso.
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Miguel Fidalgo Iglesias.
D. Ignacio Ojea Pérez (asiste aos apartados 1 b), 1 c), 2 b) e 2c)).

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla. (expediente 7845-307).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos demais licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

1º.- Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores que se citan a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

1. ROSA PEREIRA MUÑOZ.
2. VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:21	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA64H-EBC641-B6CEC3-8WQMWZ-6NEPAL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2 º outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para completar a súa declaración xurada nos aspectos que se relacionan a continuación:

Estela,S.L.: Tendrá que declarar la solvencia técnica.

Xeitura, xestión Integral de Patrimonio Cultural Sociedade Cooperativa Galega: Tendrá que declarar la solvencia económica financiera y técnica.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza. (expediente 17499-332)

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos demais licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Admitir inicialmente no presente procedemento ao unico licitador presentado Wenceslao Cabezas del Toro por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música. (expediente 17497-332).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos demais licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Admitir inicialmente no presente procedemento ao unico licitador presentado Esmuvigo Sociedade Cooperativa Galega por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a infancia. (expediente 6749-224).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos demais licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:21	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA64H-EBC641-B6CEC3-8WQMWZ-6NEPAL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Admitir inicialmente no presente procedemento ao unico licitador presentado Mulleres Progresista de Vigo por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.

2.- Apertura de documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla.. (expediente 7845-307).

Non se tratou este asunto xa que se lle requeriu documentación adicional a algún licitador presentado.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza. (expediente 17499-332).

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas.

Asiste ao acto público de apertura de ofertas:

D. Wenceslao Cabezas del Toro no seu propio nome.

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música. (expediente 17497-332).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:21	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA64H-EBC641-B6CEC3-8WQMWZ-6NEPAL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas.

Asiste ao acto público de apertura de ofertas:

D. Augusto Rodríguez en nome de Esmuvigo, Sociedad Cooperativa Galega

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a infancia. (expediente 6749-224).

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas.

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

3.- Proposta de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)

Deuse conta en primeiro lugar da solicitude presentada por Althenia, S.A. Ante TSJ de Galicia, de medidas cautelares para a suspensión da tramitación de este expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de abril de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:21	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA64H-EBC641-B6CEC3-8WQMWZ-6NEPAL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)” no seguinte orde decrecente:

1. VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	98,29
2. ALTHENIA,S.L.	92,32
3. UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE- EL EJIDILLO	91,74
4. API MOVILIDAD	89,97
5. UTE INGESAN-OHL	88,52
6. ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.	87,42
7. UTE MACRAUT INGENIEROS S.L – SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN S.L.-ARCEBANSA S.A.EULEN,S,A.	82,52
8. ABSA.	80,94
9. TALHER,S.A	64,66
10. ELSAMEX,S.A.	63,36
11. GESECO, S.A	50,88
12. EULEN,S,A	42,13
13.-GRUPO RAGA, S.A.	35,16

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 3.000.000 €.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 623,24 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar VALORIZA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:21	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA64H-EBC641-B6CEC3-8WQMWZ-6NEPAL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o día 22 de abril de 2016, que presenta a documentación requirida en data 04 de maio de 2016 .

Terceiro.- A mesa de Contratación celebrada o 11 de maio de 2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., é a requirida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse ós licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo, por un prezo de 17.237.394,62 euros. **Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.**”

4.--Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333). Informe sobre a xustificación da baixa presentada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:21	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA64H-EBC641-B6CEC3-8WQMWZ-6NEPAL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Faise entrega do informe emitido polo xefe do servizo de Deportes de 09-05.2016 sobre a xustificación presentada pola empresa que contén valores anormais ou desproporcionados e o informe de 10-05-2016 de valoración da proposta económica e clasificación das ofertas presentadas.

5- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333). Informe sobre a xustificación da baixa presentada.

Acéptanse os informes emitido polo xefe do servizo de Deportes de 09-05.2016 sobre a xustificación presentada pola empresa que contén valores anormais ou desproporcionados e o informe de 10-05-2016 de valoración da proposta económica e clasificación das ofertas presentadas.

6.- Proposta de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

" Primeiro: tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 13 de abril de 2016 de "excluir da licitación as propostas presentadas pola mercantis seguintes polas causas que se citan a continuación:

Multiserga, S.L.: Por non declarar a solvencia técnica en actividades similares ao obxecto do contrato

Limpiezas Cies, S.L.: Por non declarar a solvencia técnica en actividades similares ao obxecto do contrato xa que só declarou servizos de limpeza e non de mantemento ou conserxería.

Segundo : tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:21	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA64H-EBC641-B6CEC3-8WQMWZ-6NEPAL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de data 29 de abril de 2016 de “excluir da licitación as propostas presentadas pola mercantis seguintes polas causas que se citan a continuación:

COMBINA SOCIAL, S.L.: por supera-lo tipo de licitación.

SERVIPLUSTOTAL, S.L.: por supera-lo tipo de licitación.

VIRAXES, S.L.: por supera-lo tipo de licitación.

Terceiro: Considerar como oferta con valores anormais ou desproporcionados a presentada pola mercantil Artellar 2000, S.L.

“Cuarto.- - Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento **procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333)**” no seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	EIL CORMO INTEGRAL, SLU	89,50
2	EULEN, SA.	71,14

Quinto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EIL CORMO INTEGRAL, SLU. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Sexto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 675,82 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 11:05 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:21	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA64H-EBC641-B6CEC3-8WQMWZ-6NEPAL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		